Encontro de
Redes Galegas e
Lusófonas de Cinema

IMPULSA

IMPULSA CINE – Encontro de Redes Galegas e Lusófonas de Cinema é un proxecto que busca promover a colaboración e o intercambio cultural entre as rexións lusófonas (Portugal, Brasil, Angola, Mozambique, Guinea-Bissau, Cabo Verde, Santo Tomé e Príncipe) e Galicia a través do audiovisual e do emprego das novas tecnoloxías.

Un espazo para a cooperación cultural

A xornada pretende fortalecer as redes de colaboración entre Galicia, Brasil e Mozambique, promovendo o intercambio de coñecementos, a reflexión sobre as políticas culturais e o impulso de novas oportunidades para as industrias culturais e creativas.

A través do cinema e do diálogo entre experiencias periféricas, IMPULSA CINE 2026 reivindica a cultura como ferramenta de transformación social, cohesión territorial e cooperación internacional.

pontes.abella.gal

2 edición

21 outubro 2026

17.30h a 21.00h

Encontro de
Redes Galegas e
Lusófonas de Cinema

IMPULSA

Biblioteca da Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO)

ORGANIZA ABELLA

COLABORA CONCELLO DE VIGO

APOIAN Ateneo Atlántico · Prima · Azagaia · Terra d'Pano Terra · Net Kanema

Masterclass

O cinema de vangarda brasileiro é periférico

21 OUTUBRO // 17:30h //
Biblioteca da Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO)

Unha reflexión sobre o cinema brasileiro contemporáneo e sobre como realizadores como Adirley Queirós, Lincoln Péricles, Yasmin Thayná, André Novais Oliveira e Kleber Mendonça Filho contribuíron a transformar e inspirar novas linguaxes, estéticas e perspectivas dentro do cinema brasileiro, situando as periferias como espazos de creación, pensamento e innovación audiovisual.

Ponentes



Igor Barradas (Brasil)

Cineasta e educador popular. Fundou o Cineclube Mate Com Angu, colectivo audiovisual nado en 2002 na Baixada Fluminense a partir do desexo de provocar a produción/exhibición de imaxes e as súas reverberacións na realidade e no modo de vida da rexión. O grupo actúa en tres frentes distintas e interligadas no terreo do audiovisual: exhibición, produción e formación. Curta-metraxista case convicto, xa que en 2025 estreou o seu primeiro longa, «Amuleto», na competición do Festival Internacional do Río (2025).



Luisa Godoy Pitanga (Brasil)

Antropóloga, documentarista, integrante do cineclube Mate com Angu e socia da produtora Circular Filmes. Actuou como oficineira en diversos proxectos de educación audiovisual popular polo Brasil e como guionista nos documentais Som dos sinos, Cine-rabeca e Amuleto. Colaborou na curadoría do Festival Mate com Angu de Cinema e da Mostra Cinema Brasileiro en Busca de Estrada. Doutoranda en Antropoloxía Social na Universidade Federal do Río Grande do Sul, forma parte do Grupo de Investigación Xéneros, Imaxes e Políticas. En 2024, realizou un estadío doutoral no Centre for Iberian and Latin American Visual Studies na Birkbeck, University of London. A súa investigación entrelaza antropoloxía visual, arquivo e mulleres antropólogas que fixeron campo no Brasil na primeira metade do século XX. É unha das organizadoras do libro Precursoras da Antropoloxía Visual: mulleres en campo, lanzado en 2025.

Mesa de debate

Cultura, territorio e industrias culturais desde as periferias

21 OUTUBRO // 19:00h //
Biblioteca da Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO)

Un espazo de intercambio de experiencias sobre o papel da cultura na transformación social, o desenvolvemento territorial e a construción de modelos de produción cultural máis inclusivos, sostibles e descentralizados.

Políticas públicas para o desenvolvemento dos territorios periféricos

Heraldo HB (Brasil) Festival Mate Com Angu de Cinema Popular (Brasil)



Cineasta, escritor e cineclubista. É dos fundadores do Cineclube Mate Com Angu, colectivo da Baixada Fluminense que hai 24 anos actúa na produción audiovisual, formación de público e difusión do cinema brasileiro. Como realizador, desenvolve unha filmografía orientada ás narrativas periféricas, á memoria e á cultura popular. En 2025 lanzou *Amuleto*, o seu primeiro longametraxe, presentado na Mostra Première Brasil do Festival Internacional do Río de Janeiro e actualmente en fase de distribución.

Industrias culturais desde unha perspectiva poscolonial e decolonial

Nayara Homem (Mozambique / Brasil)
Fundação Sana Sana (Mozambique) e Duas Raízes Produções (Brasil)



Investigadora, produtora e actriz internacional que xa actuou en máis de 13 países e conta con máis de 20 anos de experiencia; participou en 6 longametraxes e 20 curtametraxes, traballando en diversos xéneros e formatos audiovisuais. No Brasil xa produciu exposición fotográfica, lanzamentos de libros, espectáculos teatrais, sesións fotográficas, shows de música. Foi unha das fundadoras, presentadoras e curadoras de arte do Por Dentro da África Podcast, producido entre Portugal e Mozambique. Chega a Mozambique, en 2021, para desenvolver a súa investigación de doutoramento en Estudos Africanos (ISCTE-IUL-Lisboa) con foco en antropoloxía, cultura e historia e pasa a ter contacto con temas como a patrimonialización de manifestacións culturais inmateriais, os seus desafíos e posibilidades.

Perspectivas para a cultura galega máis alá do Atlántico

Aser Álvarez (Galicia) Arraianos Producións (Galicia)



Licenciado en Ciencias Políticas e Xornalismo e especialista en Comunicación Audiovisual. Mestrado de Xornalismo de El País. Foi redactor e guionista na TVG e na Cadena Ser. Gañou o premio ao mellor documental radiofónico no I Open Radio do Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona. Dirixe Arraianos Producións e Ficrural.Cineasta dinámico e polifacético fundou Arraianos Producións Multimedia, marca coa que realiza e produce unha morea de proxectos audiovisuais. Director, guionista e produtor executivo de "100% CEF," unha biografía de Celso Emilio Ferreiro que acadou o Mestre Mateo ao mellor documental É membro da Academia Galega do Audiovisual e da Academia Española das Ciencias e das Artes da Televisión.